

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2016

1. Actividades celebradas na Casa das Ínsuas de Rábade durante o ano 2016.
2. Actividades celebradas no Centro de Interpretación Terras do Miño no ano 2016.
3. Desenvolvemento do Acordo de Custodia do Territorio nas Ínsuas do Miño e os Ollos de Begonte coa Asociación Galega de Custodia do Territorio.
4. Celebración da xornada sobre a recuperación de canteiras en Guitiriz o 22 de xaneiro de 2016 na Escola Habanera de Guitiriz.
5. Visita ás empresas que participaron no Campus de Emprendemento Sostible por parte de alcaldes, concelleiros e técnicos da Reserva da Biosfera Terras do Miño o 22 de febreiro de 2016.
6. Celebración da xornada informativa e de debate sobre a venda directa dos produtos primarios desde as explotacións á persoa consumidora final o 25 de febreiro de 2016 na Casa das Ínsuas en Rábade.
7. III Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses “A auga nas Reservas: ríos, regatos e seimeiras”.
8. Celebración da V Semana Escolar da Árbore e a Auga os días 21 e 22 de marzo de 2016.

9. Exposición itinerante sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá nos centros educativos da provincia de Lugo.
10. Elaboración dos contidos e edición dos cadernos de actividades da Reserva da Biosfera Terras do Miño, un específico para Educación Infantil e outro para Educación Primaria, así como un caderno do profesorado orientado á formación dos docentes nesta temática.
11. Participación no programa de seguimento fenolóxico e do estado da biodiversidade na Reserva da Biosfera, con visitas aos centros educativos (CEIP Pluringüe de Riotorto, IES Muralla Romana de Lugo e CEIP Otero Pedrayo de Rábade) os días 2 e 8 de xuño de 2016.
12. Colaboración na campaña de concienciación cidadá sobre a tenza responsable de animais domésticos dirixidas a administracións locais e á cidadanía en xeral celebrada na comarca de Lugo e de Mondoñedo.
13. Participación no programa “Vivir aquí” da Televisión de Galicia dedicado as Reservas da Biosfera de Galicia e gravado en Lugo o 21 de xuño de 2016.
14. Participación na gravación do documental titulado "El Camino hacia lo sostenible" o 7 xullo de 2016.
15. Participación na plataforma web de Custodia do Territorio da Fundación Biodiversidad a través do Acordo de Custodia nas Ínsuas do Miño e os Ollos de Begonte en xullo de 2016.
16. Colaboración no libro LUGOVISUAL editado pola Deputación de Lugo.

17. Colaboración coa Secretaría MaB no proxecto de Receitas da Biosfera proposto para as Reservas da Biosfera Españolas.
18. Colaboración na Feira de produtos ecolóxicos certificados de Galicia, celebrada na Praza Maior de Lugo os días 27, 28 e 29 de maio de 2016.
19. Colaboración co Organismo Autónomo Parques Nacionales na elaboración do Catálogo Aberto do Patrimonio Inmaterial das Reservas da Biosfera en España.
20. Colaboración coa Secretaría MaB na prospección da situación do patrimonio xeolóxico das Reservas da Biosfera Españolas.
21. Colaboración a través da Fundación TIC da gravación do documental A Ruta das Feiras da Asociación Terras de Lugo.
22. Programación de actividades medioambientais destinadas a nenos durante os meses de xuño e xullo de 2016 en AVIFAUNA.
23. Participación no Curso de verán “As plantas medicinais no desenvolvemento sostible das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá celebrado do 26 ao 29 de xullo de 2016 no Campus de Lugo da USC e en Seoane do Courel.
24. Convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Cultural Irmandade Sarria-Guèrledan co obxecto de colaborar na viaxe a Guèrledan para continuar co proxecto de actividades para a promoción das Reservas da Biosfera de Lugo no ano 2016.

25. Apoio ao proxecto “Campaña de prevención e control das especies exóticas invasoras nas Reservas da Biosfera de Galicia” presentado polo CEIDA á Convocatoria 2016 da Fundación Biodiversidade.
26. Colaboración no "Máster oficial en Dirección de Actividades Educativas en la Naturaleza" 2016–2017.
27. Colaboración no XII Congreso da SEAE (Sociedad Española de Agricultura Ecológica) “As leguminosas: clave na xestión dos agrosistemas e na alimentación ecolóxica” celebrado en Lugo do 20 ao 23 de setembro de 2016.
28. Participación na I Feira Agroecolóxica Naturalugo celebrada en Lugo do 22 ao 24 de setembro de 2016.
29. Asistencia á 15ª Reunión do Consello de Xestores da Rede española de Reservas da Biosfera do 7 ao 9 de setembro de 2016 nas instalacións do CENEAM en Valsaín (Segovia).
30. Colaboración no VIII Encontro Ibérico de Historia da Educación celebrado en Lugo do 8 ao 9 de setembro de 2016.
31. Presentación do proxecto LIFE IN COMMON LAND relativo aos hábitats prioritarios da Serra do Xistral á convocatoria LIFE 2016.
32. Organización da Xornada “Reservas da Biosfera como espazos para a sustentabilidade e o Programa Mab en España” celebrada na Escola Politécnica Superior de Lugo o día 27 de outubro de 2016.
33. Colaboración no terceiro número da Revista Micolucus cun artigo relativo aos usos tradicionais vencellados a auga na Reserva da Biosfera.

34. Descubrimiento dunha nova especie de fungo *Xerocomellus poederi* na Reserva da Biosfera Terras do Miño.
35. Celebración do Obradoiro sobre Herbas Máxicas e Fabricación de Ungüentos en Meira o 8 e 9 de novembro de 2016.
36. Presentación de alegacións ao proxecto de decreto para a creación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.
37. Celebración do IV Campus Emprendemento Sostible nas Reservas da Biosfera, no que participaron alumnos do IES San Rosendo de Mondoñedo e o IES José Trapero Pardo de Castro de Rei.
38. Organización do Ciclo Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e USC entre os días 14 e 23 de novembro de 2016 sobre "Os soutos de castiñeiro en Galicia".
39. Concesión do Premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe na categoría de "Intervencións en espazos exteriores" ao IBADER-USC pola intervención: "Restauración das lagoas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (Cospeito - Lugo)".
40. Convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación de Pescadores Ponte de Areas co obxecto de colaborar na limpeza do Coto de Quinte no ano 2016.
41. Convenio da subvención excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Centro de Interpretación Avifauna co obxecto de colaborar no apadrinamento da pita do monte e colaborar no financiamento dos

gastos derivados do coidado destes animais criados nas súas instalacións durante o ano 2016.

42. Organización da Xornada Dinamizadores Agrocolóxicos e Bioconstrución o 5 de decembro de 2016 no Centro de Interpretación Terras do Miño en colaboración co Proxecto TERRAUSCVIDA da USC e a SEAE.

43. Celebración da 3ª Semana Escolar da Deputación en centros de educación secundaria da provincia de Lugo e edición e distribución do libro “Viaxe ao patrimonio natural lucense”, cun capítulo dedicado á Reserva da Biosfera.